



INFORME ANUAL de SEGUIMIENTO

Título: Grao en Enxeñaría Informática

Curso Académico: 2012-13

1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Enxeñaría Informática
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	2501112 (MEC), 1391/2009 (Verifica)
Rama de coñecemento	Enxeñaría e Arquitectura
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Centro/s onde se imparte o título	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	-
Responsable do título	Director: Antonio Mosquera González
Correo electrónico do responsable do título	etse.secredireccion@usc.es
Curso de implantación do título	2009/2010
Data última acreditación	30/06/2009

2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,...
Descrición do título	Denominación	MVT ¹ – aptdo. 1.1, p. 1
	Rama de coñecemento	MVT – aptdo. 1.6, p. 3
	Universidade solicitante	MVT – aptdo. 1.2, p. 1
	Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto	MVT – aptdo. 1.2, p. 1
	Centro/s onde se imparte o título	MVT – aptdo. 1.2, p. 1
	No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	-
	Tipo de ensinanza	MVT – aptdo. 1.3, p. 1
	Réxime de estudo	MVT – aptdo. 1.5, p. 2 Para o Perfil de Acceso de Estudiantes http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/index.html está recollido na Guía de Matricula (“Convocatoria de matrícula do curso académico”)
	Periodicidade da oferta	MVT – aptdo. 1.4, p. 1
	Número de prazas de novo ingreso ofertadas	MVT – aptdo. 1.4, p. 1 Para o perfil de acceso de estudantes, dentro do epígrafe “Matrícula de Grao” aparece “Inicio de estudos en titulacións sen límite de prazas” e “Inicio de estudos en titulacións con límite de prazas”, onde se recolle a cifra actualizada: http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/matricula/matricula.html
	Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo	MVT – aptdo. 1.5, p. 2 Para o perfil de acceso de estudantes dentro do epígrafe “Matrícula de Grao” aparece a “Convocatoria de matrícula do curso académico”: http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/matricula/matricula.html
	Normas de permanencia	MVT – aptdo. 1.5, p. 2 http://www.usc.es/gl/normativa/estudiantes (apartado “Normativa de Permanencia”) Normativa aprobada no Consello Social do 5 de xuño de 2012 e publicada no DOG Número 136 do 17 de xullo de 2012
Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título	MVT – aptdo. 1.6, p. 3 http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/index.html no epígrafe de “Suplemento europeo ao título SET”	
Responsable do título	MVT – aptdo. 1.2, p. 1 e http://www.usc.es/etse/direccion	

¹ MVT = Memoria de Verificación do título. Publicada en <http://www.usc.es/etse/grei/verificacion> e <http://www.usc.es/etse/info>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Coordinador do título	http://www.usc.es/etse/grei
	Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia	http://www.usc.es/etse/grei/verificacion
	Data publicación BOE	http://www.usc.es/etse/grei/verificacion
	Data última acreditación	http://www.usc.es/etse/grei/verificacion
	Memoria vixente do título	http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/index.html (epígrafe "Graos") http://www.usc.es/etse/grei/verificacion
	Informe final de avaliación previo á verificación	http://www.usc.es/etse/grei/verificacion
Xustificación	Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional	Toda esta información está dispoñible na MVT, accesible dende: http://www.usc.es/etse/grei/verificacion http://www.usc.es/etse/info
	Referentes externos á Universidade	
	Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos	
	Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade	http://www.usc.es/etse/sgic . Capítulo MC-04. Proceso PE-02.
	Política de calidade	http://www.usc.es/etse/sgic . Proceso PE-02.
	Obxectivos de calidade	http://www.usc.es/etse/sgic . Proceso PE-02.
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	A política de calidade do centro, os obxectivos de calidade e os plans de accións dos distintos anos, atópanse nos apartados da páxina web da ETSE: http://www.usc.es/etse/calidade , apartado "Plans de calidade da ETSE"
Competencias Obxectivos	Obxectivos do título	Toda esta información está dispoñible na MVT, accesible nos apartados da web da ETSE: http://www.usc.es/etse/grei/verificacion e http://www.usc.es/etse/info
	Competencias xerais que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título	
	Competencias específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título	Ademais, tamén está dispoñible na páxina da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=12787&estudio=12788&codEstudio=12389&valor=9
	Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos	Forma parte do SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-04: Proceso PE-01. Capítulo MC-06: Procedemento P01-PC-01. Capítulo MC-10: Proceso PM-02) e xa verificado, na páxina http://www.usc.es/etse/sgic
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	O plan de mellora vai incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro http://www.usc.es/etse/calidade e elixir o apartado "Plans de calidade da ETSE"

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
Acceso e admisión de estudantes	Demanda	<p>A Xunta de Galicia non facilita esta información no caso de titulacións con límite de prazas.</p> <p>Aínda así, a información dispoñible sobre demanda está na web da ETSE: http://www.usc.es/etse/info na presentación do Grao en Enxeñaría Informática.</p> <p>Tamén hai información na páxina da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade http://www.usc.es/vrcalidade no epígrafe "Datos Calidade" > "Graos"</p>
	Matriculación	<p>Información na páxina da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade http://www.usc.es/vrcalidade no epígrafe "Datos Calidade" > "Graos" http://www.usc.es/ql/perfis/</p>
	Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión)	<p>A información sobre os criterios de acceso e admisión está dispoñible no enlace do plano de estudos http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=12787&estudio=12788&codEstudio=12389&valor=9 e tamén na páxina xeral da USC sobre matrícula http://www.usc.es/matricula.</p>
	Procedementos de acollida e orientación dos/das estudantes de novo ingreso	<p>Na páxina web da ETSE http://www.usc.es/etse/info está dispoñible a memoria do título, que inclúe esta información. Ademais, inclúe información da xornada de presentación aos estudantes de 1º, información dos perfís de ditos estudantes obtida mediante unha enquisa que se pasa durante dita xornada, informes de inserción laboral que elabora a ACSUG periodicamente, e unha presentación sobre a evolución na sinatura de convenios para prácticas.</p> <p>Na páxina do título http://www.usc.es/etse/grei existe o apartado de "Calidade" > "Titorías personalizadas", con toda a información sobre este programa de apoio e orientación aos estudantes.</p> <p>Os estudantes tamén poden ter información de forma telefónica, presencial ou telemática na páxina http://www.usc.es/gl/servizos/ dentro do epígrafe "Centro de Orientación Integral ao Estudante (COIE)" e na "Oficina de Información Universitaria (OIU)"</p> <p>Servizo de participación e integración universitaria: http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu</p>
	Condições ou probas de acceso especiais, se existen	Non existen
	Información sobre o apoio e orientación aos/ás estudantes	<p>Na páxina web da ETSE http://www.usc.es/etse/info está dispoñible a memoria do título, que inclúe esta información. Ademais, inclúe información da xornada de presentación aos estudantes de 1º, información dos perfís de ditos estudantes obtida mediante unha enquisa que se pasa durante dita xornada, informes de inserción laboral que elabora a ACSUG periodicamente, e unha presentación</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
		<p>sobre a evolución na sinatura de convenios para prácticas.</p> <p>Na páxina do título http://www.usc.es/etse/grei existe o apartado de "Calidade" > "Titorías personalizadas", con toda a información sobre este programa de apoio e orientación aos estudantes.</p> <p>Os estudantes tamén poden ter información de forma telefónica, presencial ou telemática na páxina http://www.usc.es/gl/servizos/ dentro do epígrafe "Centro de Orientación Integral ao Estudante (COIE)" e na "Oficina de Información Universitaria (OiU)"</p> <p>Servizo de participación e integración universitaria: http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu</p>
	<p>Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos</p>	<p>Na páxina oficial da USC http://www.usc.es/ para o perfil de acceso de estudantes ou futuros estudantes e dentro do epígrafe "Admisión" recóllense as modalidades de "Continuación de estudos" e "Validación parcial de estudos estranxeiros"</p> <p>A normativa para o recoñecemento atópase na páxina de "Normativa" > "Xestión Académica" http://www.usc.es/gl/normativa/xestionacademica/index.html</p> <p>no epígrafe "Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EEES)"</p>
	<p>Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe</p>	<p>Na páxina oficial da USC http://www.usc.es/ para o perfil de acceso de estudantes ou futuros estudantes e dentro do epígrafe "Admisión" recóllese a modalidade "Cursos ponte para obter o Grao" nas titulacións nas que é ofertado.</p> <p>MVT-10.2, p.132 http://www.usc.es/etse/grei/cursoponte</p> <p>Existe un enlace específico para os estudantes de ciclos superiores en http://www.usc.es/etse/grei, apartado "Acceso e matrícula" > "Ciclos Formativos e Acceso titulados".</p>
	<p>Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo/pola estudante, se fose o caso</p>	<p>En xeral, as titulacións de Grao sométese ao réxime de acceso xeral establecido para todo o estudantado. Neste caso, aplícase o previsto na sección "Admisión" da páxina oficial da USC http://www.usc.es/ para o perfil de acceso de estudantes ou futuros estudantes.</p>
	<p>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes</p>	<p>O procedemento de captación de estudantes atópase no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-05, proceso PC-04) e xa verificado, na páxina http://www.usc.es/etse/sgic.</p> <p>A información atópase na páxina http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/matricula. Para titulacións con límite de prazas e estudantes de novo acceso, esa páxina redirixe ao estudantado á páxina da CIUG http://ciug.cesga.es/.</p>
	<p>Procedemento documentado para a orientación aos/ás estudantes</p>	<p>O procedemento de titoría e orientación atópase no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-07, proceso PC-06), accesible na páxina</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
		http://www.usc.es/etse/sgic A USC dispón dun Centro de Orientación Integral ao Estudante (COIE) http://www.usc.es/gl/servizos/coie/
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	O plan de mellora atópase incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro www.usc.es/etse/calidade elixindo o apartado "Plans de calidade da ETSE"
Planificación das ensinanzas	Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	A estrutura do programa formativo e a distribución temporal figuran na MVT (http://www.usc.es/etse/info e http://www.usc.es/etse/grei) e tamén no enlace do plano de estudos http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=12787&estudio=12788&codEstudio=12389&valor=9 ao que se accede dende o apartado "Titulacións" da web da USC ou no apartado "Plano de estudos" de http://www.usc.es/etse/grei
	Distribución temporal	
	Horarios	Web ETSE: http://www.usc.es/etse/grei/horarios Web USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/horario_cursos.html
	Mecanismos de coordinación docente	Os mecanismos de coordinación docente descríbense no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-07, proceso PC-09) e xa verificado, na páxina http://www.usc.es/etse/sgic
	Infraestruturas	Disponibles na web da ETSE (http://www.usc.es/etse/infraestruturas), e tamén na web xeral da USC http://www.usc.es/gl/centros/etse/infraestruturas.html
	Guías docentes/Programación docente Sistema de avaliación	http://www.usc.es/gl/centros/etse/programas.html?plan=12787
	Traballo Fin de Grao (Comisión, convocatorias, etc.)	A información sobre o Traballo Fin de Grao está dispoñible na páxina web da titulación http://www.usc.es/etse/grei/tfg , onde figura a composición da comisión, a normativa, as convocatorias e toda a información complementaria necesaria para a súa realización.
	Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza	Forma parte do SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC- 07, proceso PC-03) e xa verificado, na páxina http://www.usc.es/etse/sgic .
	Procedemento documentado para a revisión e mellora do título	Forma parte do SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-10, proceso PM-02), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic .
	Procedemento documentado da oferta formativa	Forma parte do SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-06, proceso PC-01), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic .
Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título	Describe no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-03), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic . A composición da comisión académica figura na web da ETSE (http://www.usc.es/etse), dentro do apartado "Organización" > "Comisións delegadas" > "Comisión de Enxeñaría Informática". As súas funcións e responsabilidades se definen no regulamento de réxime interno da ETSE (ver http://www.usc.es/etse/normativa).	
Criterios de suspensión do título	Atópanse no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-06, proceso PC-	

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
		02), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic , e na MVT dispoñible en http://www.usc.es/etse/info .
	Desenvolvemento da ensinanza	O desenvolvemento da ensinanza atópanse no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-07: PC-06 ata PC-10), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic .
	Procedemento documentado para a suspensión do título	Figura no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-06, proceso PC-02), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic .
	Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións	Figura no SGIC implantado na ETSE (Capítulo MC-10, proceso PM-04), na páxina http://www.usc.es/etse/sgic .
	Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais	Atópase no enlace "Títulos e certificados" da web da unidade de Xestión Académica http://www.usc.es/sxa/ .
	Perfil de ingreso recomendado	Está dispoñible na MVT (http://www.usc.es/etse/info) e tamén na páxina xeral da USC que contén o plano de estudos, na lapela de "Acceso e admisión".
	Perfil de egreso	Aparece na MVT. Ademais, na páxina web do título http://www.usc.es/etse/grei , no apartado "Saídas profesionais", se da información sobre a inserción laboral dos titulados.
	Normativa académica do curso	A normativa académica da USC atópase na web http://www.usc.es/gl/normativa/ e na web da ETSE http://www.usc.es/etse/normativa .
	Baremo empregado no proceso de admisión	O baremo empregado no proceso de admisión é xestionado pola CIUG a través da súa páxina web http://ciug.cesga.es Enlace ao perfil de acceso estudantes: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes , no epígrafe "Admisión e Matrícula"
	Calendario de pre-inscrición	Enlace ao perfil de acceso estudantes: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes , no epígrafe "Admisión e Matrícula" O calendario de pre-inscrición é xestionado pola CIUG a través da súa páxina web http://ciug.cesga.es/
	Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo)	Enlace ao perfil de acceso estudantes: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes , epígrafe "Admisión e Matrícula" O listado provisional e definitivo de admitidos/excluídos é xestionado pola CIUG a través da súa páxina web http://ciug.cesga.es
	Información sobre o seguro escolar	Na páxina da USC http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes , no epígrafe de "Seguro Escolar"
	Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do/da estudante	Na páxina da USC http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes , no epígrafe de "Asesoramento Xurídico", e no enlace á Oficina de Información Universitaria http://www.usc.es/oiu
	Información sobre o servizo de apoio ao emprego	Na páxina da USC http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/index.html ,

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
		no epígrafe de "Emprego e Autoempredemento"
	Información sobre cursos a estudantes	Na páxina da USC http://www.usc.es , no epígrafe de "Cursos e Congresos" Na páxina web da ETSE, no apartado de Novidades e Eventos, insírense todos aqueles cursos de interese para os estudantes.
	Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado	Na páxina da USC http://www.usc.es , nos epígrafes de "Actividades Culturais", "Actividades deportivas" e "Actividades de Participación Social e Voluntariado".
	Información sobre a mobilidade	Para o perfil de acceso Estudantes http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/index.html , no epígrafe de "Programas de Mobilidade" Para o perfil de acceso Egresados http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/index.html , no epígrafe de "Mobilidade nacional e internacional" Para o perfil de acceso de Estudantes internacionais http://www.usc.es/gl/perfis/internacionais/index.html , dentro do epígrafe "Portal internacional da USC" Ademais, se inclúe información sobre mobilidade, procedemento xestionado pola ETSE (http://www.usc.es/etse/mobilidade).
	Información sobre as prácticas externas, se as houbese	Na páxina do Consello Social http://www.usc.es/gl/goberno/csosial , nos epígrafes de "Prácticas en empresas" e "Europrácticum titulados". Enlace á páxina do centro de ter un epígrafe específico. Ademais, se inclúe na web información sobre prácticas externas, procedemento xestionado pola ETSE (http://www.usc.es/etse/practicasesempresas).
	Información sobre o plan de acción tutorial	No apartado "Calidade" > "Titorías GrEI" da páxina http://www.usc.es/etse/grei
	Normativa académica	http://www.usc.es/gl/normativa http://www.usc.es/etse/normativa
	Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes	Descrito no SGIC da ETSE na páxina http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-05, PC-04.
	Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes	Descrito no SGIC da ETSE na páxina http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-05, PC-04.
	Procedemento documentado de orientación aos/ás estudantes	Descrito no SGIC da ETSE na páxina http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-07, PC-06.
	Procedemento documentado de mobilidade dos/das estudantes	Descrito no SGIC da ETSE na páxina http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-07, PC-07.
	Procedemento documentado de prácticas externas, se as houbese	Descrito no SGIC da ETSE na páxina http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-07, PC-08.
	Procedemento documentado de orientación profesional	Descrito no SGIC da ETSE na páxina http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-07: PC-06.

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro http://www.usc.es/etse/calidade , no apartado "Plans de calidade da ETSE"
Recursos humanos	Descrición do profesorado	Información sobre departamentos con docencia no centro: http://www.usc.es/gl/centros/etse/departamentos.html Datos de persoal en http://www.usc.es/etse , apartado "Persoal".
	Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos	A descrición xeral dos recursos humanos dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos está na MVT, en http://www.usc.es/etse/info Datos de persoal en http://www.usc.es/etse , apartado "Persoal"
	Procedemento documentado da política do PDI e PAS	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-08: PS-01
	Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación)	http://www.usc.es/etse/sgic Capítulo MC-08: PS-01 e P01-PS-01 Na páxina da USC, no perfil de acceso de PAS http://www.usc.es/gl/perfis/pas/index.html e de PDI http://www.usc.es/gl/perfis/pdi/index.html , recóllese información xeral para os colectivos referente á normativa, formación, concursos e baremos, etc.
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	O plan de mellora vai incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro http://www.usc.es/etse/calidade , no apartado "Plans de calidade da ETSE"
Recursos materiais e servizos	Aulas e seminarios	Descritos na web da ETSE (http://www.usc.es/etse/infraestructuras), e tamén na web xeral da USC http://www.usc.es/gl/centros/etse/infraestructuras.html
	Espazo do persoal académico	Espazos de docencia do profesorado no enlace http://www.usc.es/gl/centros/etse/profesorado.html Espazos persoais do persoal académico no apartado Persoal da web da ETSE: http://www.usc.es/etse
	Laboratorios	Na web da ETSE: http://www.usc.es/etse/infraestructuras Na web da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/infraestructuras.html
	Salas de informática	
	Salas de estudo	
	Outros espazos para os estudantes	
	Biblioteca	Páxina web da ETSE: http://www.usc.es/etse/betse Enlace á Biblioteca Universitaria: http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/
	Servizos dispoñibles	Páxina de Servizos da USC http://www.usc.es/gl/servizos Páxina web da ETSE http://www.usc.es/etse , apartado "Servizos"
	Espazos para os representantes de estudantes	Na web da ETSE: http://www.usc.es/etse/infraestructuras Na web da ETSE: http://www.usc.es/etse , apartado "Organización" > "Delegación de estudantes"
	Outros equipamentos	Na web da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/infraestructuras.html
Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-09: PS-02	

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
	Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-09: PS-03
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro http://www.usc.es/etse/calidade , no apartado "Plans de calidade da ETSE"
Resultados previstos	Taxa de rendemento Taxa de abandono Taxa de eficiencia Taxa de graduación	Na páxina da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade http://www.usc.es/vrcalidade , no epígrafe "Datos Calidade" > "Graos"
	Outras taxas que o título fai públicas (SGIC)	Na páxina da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade http://www.usc.es/vrcalidade , no epígrafe "Datos Calidade" > "Graos"
	Taxas de inserción laboral	Os datos de inserción dispoñibles en xeral son os facilitados pola ACSUG que non chegan na súa desagregación ao nivel de titulación senón de ramas. O enlace é http://www.acsug.es e o epígrafe "Documentos" > "Inserción Laboral" ou http://www.acsug.es/webs/inser.php Na web da ETSE http://www.usc.es/etse/info
	Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos/das estudantes	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-01
	Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-01, PM-02 e PM-03
	Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-07: PC-10 Dispoñible nos programas das materias na páxina da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/programa_materias.html
	Procedemento documentado para o control de resultados académicos	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-01
	Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-02
	Procedemento documentado de información pública	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-11: PC-11
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro http://www.usc.es/etse/calidade , no apartado "Plans de calidade da ETSE"
Sistema de garantía da calidade	Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-03 A composición da comisión de calidade da ETSE figura na páxina http://www.usc.es/etse , apartado "Organización" > "Comisións delegadas"
	De ser o caso, planificación estratéxica	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-04: PE-01 http://www.usc.es/etse/sgic , no enlace "Planificación estratéxica"
	Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-02 e Capítulo MC-08: P01-PS01
	Procedementos documentados para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-07: PC-07 e PC-08
	Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-01 e PM-03

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-03 e P01-PM-03
	Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-10: PM-04
	Procedemento documentado de suspensión/extinción do título	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-06: PC-02
	Manual do SGIC	http://www.usc.es/etse/sgic
	Informe final de certificación do SGIC	http://www.usc.es/etse/sgic :
	Listado de documentos en vigor do SGIC	http://www.usc.es/etse/sgic : Capítulo MC-01: F01-PS-04
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro http://www.usc.es/etse/calidade , no apartado "Plans de calidade da ETSE"
Calendario de implantación	Cronograma de implantación do título Información sobre a adaptación, no seu caso, dos/das estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto	Esta información figura nas seccións 10.1, 10.2 e 10.3 do capítulo 10 da MVT, accesible en http://www.usc.es/etse/grei/verificacion

3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<ul style="list-style-type: none"> Na Memoria de Verificación do Título (MVT) menciónase que a planificación plurianual 2007/2011 da USC contemplaba a ampliación do edificio de docencia da ETSE, o cal permitiría acrecentar o número de prazas de novo ingreso ata un máximo de 75. Non se divisa a curto prazo a execución desta acción nin o aumento necesario no número de docentes, o que frea hoxe en día esta posibilidade. Nótese ademais que o sistema de acceso posibilita un número de novos alumnos superior ao límite teórico (chegou aos 75 no curso 2012/13). De acordo coa MVT, no curso 2011/12 ofertáronse grupos de docencia interactiva en inglés en seis materias, mais en cinco casos non se materializou porque a axustada distribución tería levado á sobrecarga dos grupos en castelán/galego. No curso 2012/13 só se impartiu un grupo de docencia interactiva en inglés de catro posibles. A media de alumnos por grupo interactivo (maior que 20 neste curso) e a matrícula nos catro cursos do título (311 estudantes) dificulta significativamente o fluxo de estudantes entre grupos. No curso 2012/13 impartíuse de novo integramente en inglés a materia xa ofertada no anterior curso, "Estatística", oficialmente recoñecida aos estudantes que a cursaron no seu expediente académico. O obxectivo de aumentar progresivamente a oferta de materias en inglés segue a chocar frontalmente coa política de xeración de grupos da USC, pois levaría ao desequilibrio aos grupos de docencia interactiva. No seguimento do curso 2011/12 a ACSUG recomendou que o informe de seguimento do título sexa publicado na web, ao igual que os informes de verificación e seguimento externos. Esta cuestión foi debatida durante o curso 2012/13 na Comisión de Calidade pero aínda non se adoptou unha resolución definitiva. 							
BOAS PRÁCTICAS:							
<ul style="list-style-type: none"> Nunha enquisa que na Xornada de Benvida se propón aos estudantes de novo ingreso se pregunta, entre outras cuestións, pola disposición a cursar materias en inglés (ver resultados en http://www.usc.es/etse/info). No curso 2012/13, o 45% destes estudantes amosaron interese en cursar materias en inglés, mentres que o 85% deles considera que o seu nivel de inglés é medio ou alto. Estes datos confirman a tendencia dos cursos anteriores e animan a manter a oferta de docencia en inglés e a procurar mecanismos que a fagan posible. 							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<ul style="list-style-type: none"> Ante o interese manifestado ano tras ano polos alumnos de novo ingreso, constatada a dispoñibilidade dos profesores para manter a oferta, o coordinador do título responsabilizarase de artellar medidas que poidan paliar o desequilibrio entre grupos referido. O problema será exposto nas reunións cos grupos de interese previstas a principios do curso 2013/14, co obxectivo de establecer medidas correctoras para o curso 2014/15. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<ul style="list-style-type: none"> En canto a evolución da demanda, cómpre sinalar que no curso 2012/13 154 estudantes procedentes do ensino secundario elixiron o Grao en Enxeñaría Informática da ETSE da USC como primeira opción, superando apreciabilmente o nivel acadado nos tres cursos precedentes (foron 115, 140 e 118 nos cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12, respectivamente). No curso 2012/13, a porcentaxe de alumnos preinscritos sobre o total de prazas ofertadas foi superior ao 100%. Pódese ver que a demanda supera con amplitude a oferta de 60 prazas. En http://www.usc.es/etse/info pódese atopar información de interese sobre a inserción laboral dos titulados na Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (predecesora do GrEI na ETSE) nos cursos 2006/07 e 2007/08. Na mesma liña, elaborouse no centro unha enquisa destinada aos egresados do GrEI (e da súa antecesora, a ETIS). A consulta fíxose no ano 2012 e foi remitida polo 92% dos consultados (46 de 50). Desá enquisa infírese que practicamente todos os egresados atopan traballo nos primeiros 6 meses tras rematar os seu estudos e que máis do 90% dos que actualmente traballan o fan nun posto relacionado coa súa formación. No curso 2012/13, 8 egresados do GrEI responderon a unha enquisa institucional na que se valoran, nunha escala de 1 a 5, diversos aspectos relativos á súa estadía na nosa universidade. Máis do 85% deles manifestaron que estarían dispostos a cursar os mesmos estudos. No capítulo de formación, a valoración da "Formación práctica" de 3,88 se atopa significativamente por encima da media de 3,38 na USC (o cal semella lóxico para unha titulación técnica), cunha satisfacción xeral coa formación de 3,63 (por un 3,35 no global da USC). A gran marxe de mellora no 2,38 referente a "Adquisición ou potenciación do coñecemento de idiomas" (que supera por pouco a media da USC) reforza a determinación na procura de medidas efectivas de desenvolvemento de docencia en inglés. 							
BOAS PRÁCTICAS:							
<ul style="list-style-type: none"> Co obxectivo de dar a coñecer a titulación, realízanse actividades de difusión en centros de Ensino Secundario e Formación Profesional a través do programa "A Ponte" da USC. Segundo consta na ETSE, dende a implantación do plan de estudos no curso 2009/10 participaron nestas actividades tres profesores da titulación. A ACSUG ven de realizar informes de inserción laboral dos titulados en 2006/07 e 2007/08 durante os anos 2010 e 2011 para comprobar a evolución da súa situación laboral. Para recoller datos actualizados de todos os egresados da ETSE, no curso 2011/12 enviósuselles unha ligazón a unha enquisa on-line deseñada no centro con ítems similares aos da enquisa da ACSUG e algúns máis que foron considerados de valor. 							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<ul style="list-style-type: none"> Aínda que a demanda de ingreso supera amplamente a oferta de prazas de novo ingreso da titulación, procurarase aumentar o número de docentes que se veñen sumando ao programa "A Ponte", pois a taxa de abandono entre alumnos durante primeiro curso aínda está lonxe do obxectivo establecido na memoria do título. O coordinador do título responsabilizarase de fomentar entre o PDI da titulación a participación neste programa institucional. Darase difusión a través de web da ETSE á intervención dos docentes do GrEI neste tipo de eventos. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Competencias/Obxectivos							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<ul style="list-style-type: none"> Na MVT recóllese un conxunto de competencias establecidas nas recomendacións do Acordo do Consello de Universidades do 3/3/2009 para os títulos oficiais no ámbito da Enxeñaría Técnica Informática. Estas competencias son a base do desenvolvemento dos programas e guías docentes das materias da titulación. Por outra banda, contéplase o desenvolvemento dun conxunto de competencias transversais de tipo instrumental, sistémico ou persoal. Todos os egresados deben adquirir estas competencias e polo tanto debe garantirse o seu desenvolvemento entre as materias da titulación. Aínda que se tiña constatado un desenvolvemento de competencias transversais razoablemente satisfactorio, considerouse necesaria no curso 2011/12 unha mellor planificación nos planos horizontal e vertical para optimizar o nivel de asimilación destas competencias e facilitar a avaliación do grao de consecución das mesmas. Para isto levouse a cabo unha modificación na estrutura de coordinación de xeito que, no canto de ter un profesor coordinador por curso, se pasou a unha coordinación conxunta de primeiro e segundo curso (etapa de formación básica e xeral), e de terceiro e cuarto curso (formación especializada). A satisfacción global do alumnado coa docencia recibida foi de 3,67 sobre 5 no curso 2012/13, dato que a sitúa lixeiramente por enriba tanto da media das titulacións da USC como da dos títulos que pertencen á área de ensinanza técnica, confirmando a tendencia ascendente dos cursos anteriores. O grao de resposta acadado nas enquisas feitas aos alumnos foi do 68,46%, lixeiramente superior ao do curso 2011/12. No actual deseño os alumnos responden, nunha escala de 1 a 5, a dúas cuestións relacionadas co desenvolvemento de competencias transversais. Na primeira delas, "Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia", os profesores do GrEI acadaron no curso 2012/13 unha puntuación de 3,51, mellorando o 3,34 do curso anterior, mentres que na segunda, "Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma", a puntuación foi de 3,72 (por un 3,62 do curso 2011/12). Non se dispón destes mesmos datos a nivel de USC, o que serviría para ofrecer un mellor contexto. No capítulo de adquisición de competencias da enquisa de egresados xa referida, cabe salientar as valoracións en canto a "Creatividade" (3,50 sobre 5 fronte ao 2,90 na USC), "Capacidade de liderado" (3,50 por un 3,02 na USC), "Traballo baixo presión" (4,50 por un 3,92 na USC), "Capacidade de análise" (4,00 fronte ao 3,68 na USC) e "Capacidade para resolver problemas" (4,13 por un 3,75 na USC), todas elas de capital importancia no desempeño dun enxeñeiro. Destaca negativamente o 3,38 en canto a "Pensamento crítico" en comparación co 3,65 da USC. No autoinforme de seguimento previo, considerábase oportuno fomentar a participación dos profesores do GrEI en cursos de formación docente en competencias transversais. Porén, o Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC non dispón de estatísticas agregadas a nivel de titulación/centro, polo que non é posible coñecer a día de hoxe o grao de implicación do PDI do título neste tipo de actividades. Dende a ETSE transmitiuse aos responsables do PFID o interese en ter acceso a esta información. De ser detectada algunha carencia significativa neste aspecto, promoverase a organización dos cursos necesarios no propio centro. No anterior informe de seguimento sinalouse que non se teñen aportado as evidencias correspondentes á acordos e decisións de mellora derivados das reunións de coordinación. Esta cuestión foi transmitida á Comisión de Calidade e aínda se está á espera dunha determinación ao respecto. 							

BOAS PRÁCTICAS:

- Co obxectivo de mellorar a calidade das guías docentes das materias, dispónse dun documento titulado “Recomendacións para a elaboración das guías docentes da ETSE” (publicado en <http://www.usc.es/etse/info>).
- Para monitorizar e planificar a docencia, lévase a cabo unha reunión dos profesores de cada curso ao principio de cada semestre.
- Coa colaboración dos dous coordinadores de curso faise un seguimento do nivel de desenvolvemento das competencias transversais e o seu reparto entre as materias da titulación.
- Fortemente relacionado co desenvolvemento de competencias transversais, o persoal da biblioteca do centro organiza cada ano un curso de competencias informacionais para favorecer que o alumnado chegue a adquirir as habilidades e destrezas para procurar información e localizar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo coas súas necesidades ou problemas informacionais. Ademais, preténdese que o alumnado asuma que saber xestionar información é unha práctica que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo e a realización de traballos académicos con metodoloxía científica e que ten que constituír unha práctica transferible a todo o seu traballo formativo, investigador, e profesional ao longo da súa vida.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- O anterior informe de seguimento da ACSUG botaba en falta maior reflexión e análise sobre a adecuación do número de competencias e a súa correspondencia cos contidos, e se reclamaban evidencias do procedemento para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe en termos de competencias. Nas alegacións, sinalouse, por un lado, que os programas de todas as materias recollen as competencias que se desenvolven nelas, indo a súa valoración implícita no sistema de avaliación de cada materia, e, polo outro, que a normativa aplicable aos Traballos de Fin de Grao (TFG) establece explicitamente a demostración por parte do alumno das competencias propias do título. Avanzando un pouco máis neste sentido, procedeuse durante o período de elaboración do POD do curso 2013/14 á eliminación de inconsistencias xurdidas ao comparar, para cada materia, o conxunto de competencias traballadas, tal e como se recollen na correspondente programación docente, co conxunto que figura para a mesma materia na MVT. Este foi un paso previo para que, no período de modificación do POD do curso 2014/15 (a realizar no segundo semestre do curso 2013/14), se soliciten as oportunas modificacións nos programas de maneira que expliciten no seu sistema de avaliación o xeito en que se valorará a adquisición de cada competencia.
- Dado que a participación dos alumnos no curso de competencias informacionais se atopa por debaixo do desexable (so 19 alumnos de novo ingreso o superaron en 2012/13), procurouse a colaboración dos profesores responsables de “Fundamentos de Computadores”, materia de formación básica de segundo semestre de primeiro curso, de xeito que esta actividade forme parte da avaliación da materia a partir do ano académico 2013/14. Con esta medida se espera lograr unha participación próxima ao 90% do alumnado de primeiro curso.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Acceso e admisión de estudantes							
Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Como resultado da alta demanda de acceso xa referida no apartado de "Xustificación", no curso 2012/13 a porcentaxe de novos alumnos con nota de acceso superior a 6 foi superior ao 98%, quedando fixada a nota de corte en 8,569 e a nota media de acceso por preinscrición en 9,98. • A difusión percíbese axeitada atendendo a estes datos. Por outra banda e segundo a enquisa da xornada de benvida (http://www.usc.es/etse/info), obsérvase que a totalidade dos estudantes proceden de localidades galegas (exceptuando alumnos de programas de mobilidade) e na maioría dos casos das provincias de A Coruña e Pontevedra, cun 38% e un 47%, respectivamente. O 10% dos estudantes proceden da provincia de Ourense, dato coherente cos anteriores en atención á poboación de cada provincia, pero é salientable a baixa porcentaxe de estudantes procedentes da provincia de Lugo (só o 5%). • O instrumento de acción tutorial de maior importancia no GrEI é o Programa de Titorías Personalizadas (PTP). O obxectivo fundamental do PTP é orientar aos alumnos en cuestións académicas que axuden a mellorar a calidade da súa estadía e da súa aprendizaxe. Esta orientación personalizada está enfocada non só como un proceso de información mais tamén vai dirixida a potenciar as capacidades dos estudantes e a paliar as súas debilidades, axudándolles na toma de decisións que afecten ao seu rendemento académico. A descrición deste programa está na páxina http://www.usc.es/etse/grei, no apartado "Calidade" > "Programa de titorías personalizadas". 							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización dunha Xornada de Benvida no que se lles explica aos alumnos de novo ingreso aspectos xerais en canto a funcionamento do centro e ao desenvolvemento dos estudos. Particularmente, se incide na normativa vixente no centro con respecto a autoría de traballos prácticos (accesible en http://www.usc.es/etse/normativa) e as consecuencias que se poden derivar do plaxio de traballos. • Resposta, durante a Xornada de Benvida, a unha enquisa dirixida a novos alumnos que serve para analizar o perfil do alumnado, a súa procedencia e as súas competencias previas, así como o lugar onde obtiveron información da titulación (centro de secundaria, web, profesores, familiares, etc.). Toda esta información faise dispoñible en http://www.usc.es/etse/info. • Co obxectivo de divulgar a existencia da titulación, tense deseñado un díptico con información (dispoñible en http://www.usc.es/etse/info e http://www.usc.es/etse/grei) que se distribúe en Centros de Ensino Secundario. Isto, xunto coa difusión a través do programa "A Ponte" da USC e a organización de visitas guiadas pola ETSE para estudantes de educación secundaria, é chave para a promoción da titulación. • A páxina web propia do centro inclúe enlaces para cada titulación, que conducen a presentacións breves cos datos máis característicos das mesmas. Estas presentacións tamén están dispoñibles na páxina propia da titulación http://www.usc.es/etse/grei e na páxina de información xeral da ETSE (http://www.usc.es/etse/info). • Elaboración dunha guía de inicio de curso que se entrega aos estudantes de novo ingreso na Xornada de Benvida, dispoñible na páxina http://www.usc.es/etse/info e en http://www.usc.es/grei. • Para favorecer a interacción coas empresas, cada ano se celebra o Foro de Empresas para Enxeñaría Informática (FEI), onde as empresas coas que a ETSE ten convenio de realización de prácticas presentan a súa actividade e as oportunidades para os estudantes. Estas xornadas serven de coñecemento mutuo entre as 							

empresas e os estudantes e como primeiro contacto para a realización de prácticas, Traballos Fin de Grao ou inserción laboral. A información sobre o FEI'2013 está dispoñible na páxina <http://www.usc.es/etse/empresas>.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Na actualidade está aberto un acceso para titulados a través do que se denomina "Curso Ponte". Este mecanismo de acceso foi ideado para facilitar o acceso a egresados da anterior titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas. No anterior autoinforme de seguimento se sinalara que a demanda deste recurso era moi baixa, o que habería de levar á súa eventual eliminación. Porén, no ano académico 2012/13 foi cursado por tres alumnos, o que chama á prudencia á espera do que suceda no curso 2013/14 e sucesivos.
- O Programa de Tutorías Personalizadas (PTP), responsabilidade do coordinador da titulación, manterase nos vindeiros cursos xa adaptado á demanda segundo foi expresado no anterior autoinforme: partindo dun conxunto estable de cinco profesores tutores, levarase a cabo unha única reunión cos estudantes de novo ingreso e os sucesivos contactos entre estudante e titor haberán de ser a petición do primeiro. A partir do curso 2013/14 os tutores reportarán ao coordinador o número de consultas recibidas ao longo do curso.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- O plano de estudos consta de 240 ECTS distribuídos en catro cursos académicos, repartidos entre materias de formación básica, obrigatorias e optativas que permiten ao futuro egresado adquirir as competencias requiridas para exercer como Enxeñeiro Técnico en Informática. As actividades formativas de carácter presencial dan lugar a tres módulos de grupo: grupo grande (máximo 60 estudantes) para actividades presenciais de tipo expositivo; grupo reducido (máximo 20 estudantes) para seminarios e traballos prácticos; e grupo moi reducido para actividades de orientación, dinamización e tutoría do traballo dos estudantes. A política de xeración de grupos da USC na Planificación Docente Anual (PDA) está a provocar un exceso de estudantes nos grupos reducidos.
- En canto á mobilidade de estudantes, víñase contando con numerosos convenios de intercambio con universidades españolas, europeas e de países non europeos, a través de programas xerais (Erasmus, SICUE/Séneca) e de convenios bilaterais. Na actualidade estase a renovar estes acordos baixo o marco do novo programa Erasmus+. O número de estudantes que fan uso dalgún destes programas segue a ser reducido aínda que crecente: 7 no curso 2012/13 (un 2,25% dos alumnos), 4 nos dous anteriores cursos e só 1 no 2009/10. Isto contrasta co interese por estes programas expresado polo 84% dos estudantes de novo ingreso neste curso.
- A elección do GrEI da ETSE como destino de alumnos de intercambio doutras universidades tampouco reflicte cifras totalmente satisfactorias. O número de estudantes recibidos foi de 4 (un 1,29% dos alumnos) no curso 2012/13, caendo practicamente ao nivel do curso 2009/10 (5 alumnos) despois de dous cursos nos que se rexistrara un avance (9 no 2010/11 e 8 no 2011/12).
- Na Xornada de Benvinda do curso 2012/13, a porcentaxe de alumnos de novo ingreso que manifestaron a súa predisposición para realizar prácticas en empresa foi do 100%. Este dato é consistente co 81,82% de estudantes egresados do título que realizaron prácticas en empresas neste mesmo curso, moi por enriba dos niveis dos cursos precedentes situados entre o 50 e 60%. Segundo manifestaron os egresados na enquisa institucional xa referida, a "Utilidade das prácticas externas", cunha valoración de 4,00, está fóra de toda dúbida. Este dato debe servir de acicate para manter o listón no alto nos próximos cursos.
- Na enquisa de satisfacción coa docencia recibida do curso 2012/13, a puntuación acadada globalmente no GrEI para as preguntas que gardan relación coa planificación docente, nomeadamente "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente", "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" e "Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia", foi de 4,1, 4,16 e 3,87, respectivamente. As valoracións no curso anterior para eses mesmos ítems foi de 3,99, 4,06 e 3,65, o que denota unha lixeira melloría.
- Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi de 2,9 sobre 5 no curso 2012/13, o que transmite certo pesimismo que deberá de ser analizado.

BOAS PRÁCTICAS:

- Co propósito de mellorar a adaptación ao mundo laboral dos estudantes, ofrécese a posibilidade de desenvolver o Traballo Fin de Grao nunha empresa incluída no convenio de colaboración de prácticas en empresa.
- Existe a posibilidade de realizar prácticas en empresas no estranxeiro a través do programa IAESTE.

- Dentro do marco de interese para a formación dos estudantes, organízanse diversas actividades e cursos englobados no que na ETSE se denomina “Aula Profesional”. Estes eventos prográmanse habitualmente a partir das 12 h. dos xoves, horario reservado no centro para o desenvolvemento de actividades complementarias, co obxecto de favorecer a asistencia e participación dos alumnos. Cada curso se revisan cales destas actividades tiveron mellor acollida para promover a súa programación en anos sucesivos. O conxunto de actividades organizadas no curso 2012/2013 no marco da Aula Profesional aparece detallado en <http://www.usc.es/etse/aulaprofesional>; 5 das 21 actividades programadas corresponderon ao perfil de enxeñeiro informático. Na Xornada de Benvinda do curso 2012/13, o interese en formación complementaria foi expresado polo 98% dos novos alumnos.
- Co obxectivo de impulsar a participación en programas de mobilidade, no mes de novembro lévase a cabo unha charla informativa dirixida a alumnos da titulación. Existe ademais unha guía de mobilidade da ETSE con información sobre prazas e preguntas máis frecuentes (<http://www.usc.es/etse/mobilidade>).
- Dispónse dunha estrutura vertical simplificada de coordinación articulada ao redor dos dous coordinadores de curso, aspecto xa referido no apartado de “Competencias/Obxectivos”. Estes coordinadores responsabilízanse da celebración de dúas reunións anuais cos docentes de cada curso para analizar a marcha do curso en termos de rendemento e planificación. Transmítiuse á dirección do centro a necesidade de facer público na web do título o nome dos coordinadores de curso e tamén se está á espera da decisión final da Comisión de Calidade con respecto a posibilidade de publicar os acordos acadados nas reunións de curso.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Manter a actual oferta de materias en inglés no título como obxectivo a curto prazo. A situación actual obriga a unha distribución de grupos de docencia interactiva moi axustada que só fai viable o uso desa lingua se hai un alto nivel de demanda. O obxectivo a medio prazo segue a ser o aumento progresivo desta oferta ata acadar unha materia por curso e cuatrimestre. No apartado de “Descrición do título” se indicaron as medidas previstas no sentido de lograr que estes grupos efectivamente se desenvolvan en inglés, cuestión de moita maior urxencia que a anterior se atendemos á valoración de 2,38 expresada polos egresados no que atinxe á “Adquisición ou potenciación do coñecemento de idiomas”.
- Mellorar a formación dos nosos estudantes en base á demanda laboral. Para isto, o primeiro paso será identificar as carencias formativas que se desprendan das valoracións emitidas polos titores dos alumnos nas empresas colaboradoras dos programas de prácticas externas (non dispoñibles para o curso obxecto deste informe). A análise destes datos proporcionará información moi valiosa para os docentes da titulación e poderá levar á adaptacións a nivel de materia ou mesmo modificacións no plano de estudos.
- Na reunión de comezo do curso 2013/14 se analizará co PDI os factores que están a limitar a saída de estudantes vía programas de intercambio, co propósito de establecer medidas correctoras o máis axiña posible. Durante o curso 2012/13 apuntáronse causas como os actuais condicionamentos económicos, a falta de información pormenorizada ou a relativamente pequena oferta de destinos de fala inglesa.
- Promover a elección de delegado e subdelegado nos cursos nos que estes non se teñan identificado. Detectáronse importantes carencias neste sentido e o coordinador do título, coa axuda dos coordinadores de curso, exporá nas reunións cos alumnos a relevancia deste ámbito de participación na vida do centro. O obxectivo é que os catro cursos da titulación dispoñan dos seus representantes ao comezo do curso 2013/14.
- Dende a dirección do centro procedeuse ao redeseño dos horarios docentes dos seus títulos. Co obxecto de acadar unha presenza no centro máis racional para alumnos e traballadores, reduciuse o tempo de descanso entre as quendas de mañá e tarde. Os horarios do título foron xa adaptados para o curso 2013/14.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos humanos

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- No curso 2012/13 impartiron docencia na titulación 53 membros do PDI da USC pertencentes a 7 departamentos, 46 deles profesores a tempo completo. O cadro docente (accesible en http://www.usc.es/gl/centros/etse/profesorado_titulacion.html?plan=12788) non difire significativamente do previsto na sección 6 da memoria de verificación do título en canto a número e características do PDI. Máis do 95% do profesorado é doutor (dato que se afasta sensiblemente dos correspondentes aos cursos anteriores, no que adoitaba situarse próximo ao 80%) e a porcentaxe de funcionarios supera o 78% (lixeramente superior á dos anos previos). Un 93% dos profesores con quinquenios teñen recoñecido algún tramo de actividade investigadora pola CNAI (sexenios), moi na liña do rexistrado nos cursos precedentes.
- Na enquisa de satisfacción coa docencia recibida do curso 2012/13, a puntuación acadada nas preguntas que gardan relación coa calidade docente dos profesores, nomeadamente "Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia", "Resolve as dúbidas que se lle formulan", "Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes" e "Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia", foi de 3,67, 3,99, 3,93 e 3,83 sobre 5 (non constan as valoracións globais na USC). As valoracións no curso anterior para eses mesmos ítems foi de 3,57, 3,88, 3,83 e 3,73, o que permite deducir unha lixeira melloría.
- En canto á participación do PDI no programa DOCENTIA, a USC considera que se debe agardar a que o programa entre na súa fase final para amosar os resultados. De feito, a última convocatoria experimental foi a primeira aberta á participación de todo o profesorado. Así a todo, dicir que 11 dos 12 docentes da ETSE avaliados nas convocatorias experimentais acadou a cualificación de excelente. Non se dispón de datos a nivel de título.
- O número de estudantes por profesor (sen contar os investigadores pre e postdoutorales) foi de 6,76 neste curso. O número descende a 5,87 ao contabilizar todo o PDI dispoñible.
- Ademais, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría dispón de 15 traballadores adscritos como Persoal de Administración e Servizos que garanten o correcto funcionamento das instalacións e equipos (administración, aulas de informática, biblioteca, secretaría, etc.).
- No apartado de Persoal da páxina da ETSE <http://www.usc.es/etse> figura a relación de PDI e PAS adscrito.
- Non se dispón, no momento de escribir este informe, de datos a nivel de centro/título da satisfacción do PDI e o PAS coa formación recibida. Na páxina institucional <http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html> figura esta información agregada a nivel de USC para todos os participantes nos programas de formación.

BOAS PRÁCTICAS:

- Premios "Leonardo de calidade docente" cos que se recoñece aos docentes con mellores resultados nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e que se entregan no acto central do día da Escola.
- Guía para profesores da ETSE que ofrece información sobre os procesos de organización académica na Escola, accesible en <http://www.usc.es/etse/info>.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Lograr a captación de profesionais que poidan amosar a súa experiencia a través de conferencias e cursos. O

obxectivo desexable sería o de aumentar o número de actividades no marco da Aula Profesional, pois das 10 actividades organizadas no curso 2011/2012 pasouse a 5 no curso 2012/13. Porén, é altamente recomendable unha análise de maior calado pois as actuais limitacións orzamentarias están a dificultar a organización destes eventos. Considerarase a posibilidade de computar a participación nestas actividades nos sistemas de avaliación de materias relacionadas. Precísase tempo para afondar na reflexión.

- O coordinador do título fomentará a programación destas actividades mediando se fora necesario ante os profesores do GrEI para facilitar a asistencia dos alumnos. Será responsable tamén de analizar o nivel de acollida de cada actividade para tratar de propiciar a repetición en cursos sucesivos daquelas que evidencien maior éxito de concorrencia.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos materiais e servizos							
<p><i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <ul style="list-style-type: none"> Na actualidade estanse a empregar un total de 6 aulas de informática das 8 dispoñibles no centro para a docencia do GrEI, compartidas coas outras titulacións do centro. As dúas aulas restantes son de acceso libre. Con todo, o número de titulacións aumentou coa incorporación de dous mestrados no ámbito da Enxeñaría Informática, o que leva a unha diminución dos recursos para o Grao en Enxeñaría Informática. Tal e como se mencionou anteriormente, na MVT faise referencia a que, dentro da planificación plurianual 2007/2011 da USC se contemplaba a ampliación do edificio de docencia da ETSE, obra que a día de hoxe non foi levada a cabo e, dado o actual escenario de crise económica, non se albisca a súa execución a curto prazo. Para o curso 2012/13, o número de ordenadores conectados á rede para docencia no centro ascendeu a un total de 202, sendo o número de ordenadores por alumno de 0,33 (o número total de alumnos matriculados no centro foi de 618, dos cales 311 corresponden ao GrEI). O número total de libros recomendados nos programas das materias do GrEI que están dispoñibles na biblioteca do centro é de 273, mentres que o número de postos de lectura ascende a 182 (para unha razón nº postos/nº estudantes de 0,3 no curso 2012/13). Na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida do curso 2012/13, a puntuación acadada nas preguntas que gardan relación coa calidade dos recursos materiais, nomeadamente "O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia" e "Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...)", foi de 3,71 e 3,66, respectivamente (3,58 e 3,55 no curso 2011/12). 							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> Reutilización de ordenadores retirados das aulas de docencia e paso ás de acceso libre previa actualización. Servizo de préstamo de discos duros externos para os estudantes. Servizo de taquillas para os estudantes do centro. Sede do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia. 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <ul style="list-style-type: none"> Tal e como se indicou máis arriba, o aumento no número de titulacións no centro complica apreciablemente o encaixe de horarios nas aulas de informática; ao finalizar o curso 2012/13 se iniciou un proceso de redistribución de equipos orientado á optimización de recursos docentes. En particular, foron intercambiados os usos dunha aula de acceso libre (dotada de 37 postos de traballo) e dunha aula de docencia (de só 25 postos). Inverteuse parte do exíguo presuposto do centro na renovación de equipos da nova aula de docencia interactiva e nas aulas de docencia expositiva (ordenadores do profesor). Ao comezar o curso 2013/14 este cambio estaba xa materializado. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Resultados previstos							
<p><i>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <ul style="list-style-type: none"> No curso 2012/13 a taxa de rendemento foi do 75,07%, alcanzando por primeira vez o obxectivo fixado na MVT. Nos tres cursos precedentes esta taxa oscilara entre o mínimo histórico do 56% para o curso 2010/11 e o, ata de agora, máximo do 70% para o curso 2011/12. Igualmente, a taxa de éxito para o curso 2012/13 chegou ao seu máximo de 86,07%, na liña do acadado nos cursos precedentes nos que sempre subira do 80%. A taxa de avaliación alcanzou o 87,22% para este mesmo curso e a eficiencia dos titulados cifrouse nun 99,5%. De notable preocupación é que a taxa de abandono durante o primeiro curso se cifrara nun 19,3% para o ano académico 2012/13, lonxe do obxectivo do 10% expresado na memoria de verificación do título. Algúns indicadores como as taxas de graduación ou de abandono (RD 1393) aínda non se poden calcular. Os resultados de inserción laboral xa foron comentados no apartado de "Xustificación". 							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> A ETSE elabora unha Memoria Anual do Título (MAT) para o GrEI onde se analizan diversos aspectos da marcha da titulación (perfil de alumnos, taxas de éxito e rendemento, enquisas, premios, visitas técnicas e estadias). Esta memoria está dispoñible en http://www.usc.es/etse/grei, no apartado Calidade. Vense discutindo na Comisión de Calidade do centro unha posible reformulación da MAT, toda vez que está a dobrar o esforzo documental. Celebración dunha reunión anual cos docentes para a presentación dos resultados do curso anterior. 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <ul style="list-style-type: none"> En consonancia co recollido na MVT, no anterior informe de seguimento se expresaba o dobre obxectivo de aumentar a taxa de rendemento ata o 75% e reducir a taxa de abandono durante o primeiro ano ata o 10%, mais non se articulaban accións concretas para acadar estes niveis. Sen descoidar o primeiro obxectivo, a prioridade reside na identificación de factores que están a arrastrar a taxa de abandono lonxe da meta fixada na MVT. Discutido este problema cos profesores da titulación, existe consenso sobre as causas: ao marxe da realidade socioeconómica, está a pesar a distancia entre o que os alumnos atopan ao chegar ao centro e o que algúns deles esperaban atopar. Promoverase un incremento na participación do PDI no programa "A Ponte" para clarear as particularidades do plano de estudos entre os potenciais estudantes e incidirase na pronta detección, por parte dos docentes de primeiro curso e dos titores do PTP, de alumnos que evidencien graves dificultades de tipo académico. O obxectivo na taxa de abandono durante o primeiro ano, considerado ambicioso por boa parte do cadro docente, foi comparado co dos graos da rama de enxeñaría e arquitectura na USC: só o Grao en Enxeñaría Química (10%) e o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos e Industriais (7,5%) marcaron obxectivos similares (os outras cinco o fixan no 20 ou 25%). Dentro do SUG, tanto a UDC como a UVigo estableceron unha taxa de abandono máxima do 15% para cadanseus Graos en Enxeñaría Informática. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións: <ul style="list-style-type: none"> O sistema de garantía de calidade do centro, de aplicación á titulación de Grao en Enxeñería Informática, está a seguir as directrices do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) marco da USC, do que é responsable a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade (http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade). A revisión do anterior SGIC da ETSE, de abril de 2010, foi adiada debido a que xa no 2012 a USC comezou a desenvolver un novo SGIC marco e no centro decidiuse agardar á súa aprobación (31 de maio de 2013) antes de revisar o SGIC propio. A decisión adoptada pola Comisión de Calidade foi a de asumir sen modificacións o SGIC marco e facer adaptacións só en caso de necesidade. O SGIC da ETSE foi aprobado o 20 de xuño de 2013. Por outra banda, dende o ano 2011 a USC estivo a desenvolver unha aplicación informática de soporte do SGIC nos centros. Paralelamente un grupo de traballo formado por unha representación dos decanos e directores de centro e persoal da Vicerreitoría estivo a traballar na mencionada revisión do SGIC marco. Estes dous procesos remataron a finais do curso 2012/13. Dende o mes de xullo estívoise presentando a aplicación do SGIC nos centros e o seguimento anual do curso 2012/13 será o primeiro que empregue a aplicación do SGIC. Durante esta primeira fase, debíanse actualizar tamén as comisións e evidencias da implantación do SGIC. No anterior informe de seguimento, a ACSUG apuntaba que a documentación do SGIC estaba completa e accesible na web do centro, mais non evidenciaba o uso dos procedementos que o SGIC poñía á súa disposición. Nas alegacións se sinalou que isto estaba relacionado coa reformulación do SGIC marco, caracterizada por unha importante simplificación en canto ao conxunto de indicadores, e coa participación da ETSE como centro pioneiro nunha fase de experimentación, sometida a auditoría externa, para a implantación da nova ferramenta informática. En xullo de 2013 a ETSE someteu o seu SGIC a unha auditoría externa dentro do programa AUDIT da ACSUG na que se establece que o centro cumpre coa maioría das directrices de FIDES-AUDIT, aínda que a nivel formal non se teña seguido o estipulado no SGIC do 2010. Os motivos foron xa sinalados; en particular, foi determinante a recente aprobación do SGIC marco da USC como consecuencia de un proceso iniciado en 2011. 							
BOAS PRÁCTICAS: <ul style="list-style-type: none"> A Comisión de Calidade da ETSE analiza os resultados acadados e planifica os novos obxectivos/metos a lograr. Elabórase un plan de seguridade que se puxo en funcionamento durante o curso 2012/13: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606 O centro está acreditado polo programa FIDES AUDIT de calidade: http://www.usc.es/etse/sgic 							
PROPOSTAS DE MELLORA: <ul style="list-style-type: none"> Terminar de solucionar os problemas detectados no que atinxe á implantación do SGIC. A acreditación internacional do título (e.g., British Computer Society ou a súa homóloga europea EQANIE) xa sinalada no anterior informe de seguimento terá que manterse á espera dadas as actuais limitacións económicas. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<ul style="list-style-type: none"> • O título empezou a impartirse no curso académico 2009/10. A implantación se fixo mediante un envorcado completo, impartíndose os 4 cursos dende o primeiro ano, polo que a primeira promoción de graduados que percorreu os catro cursos do título adaptado ao EEES foi a do 2012/13 (a cuarta promoción). O proceso de adaptación sufriu varias modificacións leves dirixidas a favorecer ao máximo o tránsito dos estudantes da antiga enxeñaría técnica ao novo grao. • No apartado 10.2 da memoria de verificación do título se sinala o procedemento de adaptación a seguir por os estudantes procedentes da Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (3 anos) que asuman o paso á nova titulación. • Por outra banda, implantouse un "Curso Ponte" que permitira aos titulados en Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas obter o título de Grao en Enxeñaría Informática cursando só as materias que desenvolvan as competencias nos xustificadas pola súa titulación de acceso. • Non existen incidencias dignas de mención no tránsito dende o plano de estudos a extinguir ata o novo título de grao. 							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Non hai	

INFORMES DE SEGUIMIENTO (2010/11)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Débase incluír na páxina do Título toda a información pública relevante e actualizada. A información existente atópase dispersa entre diferentes páxinas web	Estase a levar a cabo unha reorganización da información na web propia do Centro para facilitar o seu acceso.
Desenvolvemento de accións de mellora de xeito que se sinale un obxectivo medible e acadable, xunto cun prazo, responsable, ...	No conxunto de melloras proposto neste informe salientábase os obxectivos e os responsables de cada acción. No caso de non facerse unha mención explícita, considérase o prazo da acción é o curso seguinte ao que fai referencia este informe.
Avanzar no deseño de métodos de avaliación das competencias	Aínda que se ten constatado que se están a desenvolver satisfactoriamente as competencias transversais, unha mellor planificación principalmente no plano horizontal, aínda que tamén no vertical permitirá optimizar o grado de asimilación das devanditas competencias, así como permitir a avaliación do grao de consecución das mesmas. Para isto modificouse a estrutura de coordinación de xeito que en lugar de ter un profesor coordinador por curso, pasouse unha coordinación conxunta de primeiro e segundo curso (etapa de formación básica e xeral), e de terceiro e cuarto curso (formación especializada). Por outra banda, se está incorporar actividades encadradas na aula profesional dentro do proceso de avaliación de competencias transversais. Así, por exemplo, no curso 2012/2013, o desenvolvemento de competencias informacionais será avaliado en materias de formación básica.
Actividades formativas en materia de xestión da calidade co obxectivo dunha mellor implantación do SCIG	No momento de elaboración deste informe non está operativo o mecanismo da USC para o seguimento e xestión dos SGIC dos Centros. Este é un paso previo ao desenvolvemento de actividades formativas en materia de xestión da calidade.

INFORMES DE SEGUIMIENTO (2011/12)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>Incluír unha reflexión e análise sobre a adecuación do número de competencias e a súa correspondencia cos contidos.</p> <p>Aportar evidencias sobre a valoración, reflexión e obtención de resultados ao implementar o procedemento para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes en termos de competencias.</p>	<p>Pódese atopar no apartado "Competencias/Obxectivos" da sección 3 deste documento. Nesta liña, incorpórese unha proposta de mellora na sección 5.</p>
<p>Realizar unha valoración global da estrutura do programa formativo. Aportar datos respecto á mobilidade e prácticas externas.</p>	<p>No apartado "Planificación das ensinanzas" da sección 3 deste documento figura unha descrición pormenorizada destes aspectos.</p>
<p>Non se evidencia unha implantación efectiva do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), polo que se recomenda facer uso do mesmo como eixo de revisión, actualización e mellora do propio título, utilizando os procedementos deseñados para tal propósito e os formatos establecidos neles.</p> <p>Incorporar no historial de revisións as modificacións e actualizacións realizadas nos capítulos do manual de calidade e nos procedementos.</p>	<p>A problemática relativa á implantación do SGIC foi incluída no apartado "Sistema de Garantía de Calidade" da sección 3. Na sección 5 figura unha proposta de mellora neste sentido.</p>
<p>Analizar a satisfacción dos diferentes grupos de interese e valorar de que xeito os resultados obtidos son analizados pola comisión correspondente e favorecen o desenvolvemento de accións de mellora.</p>	<p>Salvo no caso dos estudantes, non foi posible por non dispor de información a nivel de centro/título. Abordárase en próximos informes de seguimento.</p>
<p>Aportar como evidencias as actas das diferentes comisións (coordinación, calidade).</p> <p>Publicar na web o informe de seguimento do título, o mesmo que os informes de verificación e seguimento externos.</p> <p>No se aportan as evidencias correspondentes aos acordos e decisións de mellora que se teñan tomado sobre o título.</p>	<p>Estas cuestións foron valoradas tanto na Comisión do Título como na Comisión de Calidade do Centro. O sentir xeneralizado é o de publicar versións simplificadas destas evidencias de xeito que só figuren os acordos tomados e se omitan as deliberacións e todos aqueles detalles que poidan vulnerar os dereitos individuais. De acordo co calendario de calidade do centro, a decisión definitiva debería ser adoptada a principios do ano 2014.</p>
<p>Realizar actuacións enfocadas ao incremento da oferta de materias en inglés.</p>	<p>Dadas as circunstancias relatadas en varios apartados da sección 3, considérase dunha urxencia moi superior consolidar a actual oferta. Na sección 5 figura unha proposta de mellora neste sentido.</p>
<p>Analizar a posible ampliación do número de prazas.</p>	<p>Segundo foi exposto no apartado "Descrición do título" da sección 3, esta acción está totalmente descartada a curto prazo por transcender o ámbito de decisión do centro.</p>
<p>Aportar información sobre a demanda de titorías.</p>	<p>Non consta no tempo en que se leva impartindo a</p>

	titulación. Contémplase unha proposta de mellora para que se rexistre esta información a partir do curso 2013/14 por medio do Programa de Titorías Personalizadas (PTP).
Planear algunha outra proposta de mellora encamiñada a promover a mobilidade dos estudantes.	Esta cuestión foi discutida co cadro docente do título nunha reunión. Identificáronse os factores que están a limitar a mobilidade e apuntáronse algunhas medidas correctoras (ver apartado “Planificación das ensinanzas” da sección 3). Ao precisar maior reflexión, será de novo abordada ao comezo do curso 2013/14 coa idea de establecer unha proposta de mellora que poida resultar efectiva no prazo máis curto posible.
Informar se o profesorado deste título ten sido avaliado a través do programa DOCENTIA e, en especial, aportar evidencias sobre as decisións adoptadas e actuacións realizadas tras a avaliación.	Isto foi relatado no apartado “Recursos humanos” da sección 3, non dando lugar a ningunha decisión á vista dos resultados acadados e en consonancia co carácter experimental e voluntario das convocatorias.
Establecer unha proposta de mellora para a optimización do uso dos recursos dos que, actualmente, dispón o centro.	Sen apenas marxe de manobra, as medidas adoptadas no curso 2012/13 foron referidas no apartado “Recursos materiais e servizos” da sección 3 do documento.
Aportar información sobre queixas, suxestións e reclamacións e como esta información se ten en conta para a mellora do título.	A USC xestiona estes trámites de xeito centralizado no relativo a cuestións xerais. No que atinxe ao centro, durante o curso 2012/13 tivo lugar un relevo na coordinación do título. O novo coordinador constatou que tres dos catro cursos carecían de delegados, polo que as queixas e suxestións se estaban a transmitir de forma redundante e fragmentada. Na sección 5 pódese atopar unha proposta de mellora no sentido de canalizar estes aspectos a través dos representantes dos estudantes.
Definir as accións a desenvolver para os dous plans de mellora que propón o informe de seguimento (aumentar a taxa de rendemento en primeiro curso e diminuír a taxa de abandono de estudantes de novo ingreso) e non só indicar o obxectivo.	Téndose acadado o primeiro obxectivo nunha progresión coherente, recóllese na sección 5 unha proposta de mellora articulada en tarefas concretas.